

V EDICIÓN PREMIOS Á EXCELENCIA EMPRESARIAL AXENDA URBANA 2030 DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A finalidade dos Premios á Excelencia Empresarial Axenda Urbana 2030 do Concello de Santiago de Compostela é recoñecer e valorar de maneira axeitada as empresas que amosan un gran compromiso coa calidade total. Estes premios, para as empresas, deben representar un estímulo para acadar a excelencia, fomentar o intraemprendemento na empresa, o desenvolvemento de ideas de negocio viables nas que se poña en valor un desenvolvemento sostible, como elemento que contribúe a acadar a viabilidade e consolidación empresarial.

BASES REGULADORAS

1 OBXECTO

O obxecto dos Premios á Excelencia Empresarial Axenda Urbana 2030 do Concello de Santiago de Compostela é premiar as empresas que se tiveran distinguido polas boas prácticas no campo da conciliación laboral e familiar, da economía circular, da innovación, da comercialización en produtos e servizos culturais, dos retos da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela, das boas prácticas de empresas de economía social e, tamén, das boas prácticas que apostan por reter, atraer ou mellorar o talento.

Neste senso, convén facer mención das dimensións estratéxicas e obxectivos da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela, que servirán de marco fundamental para a correcta avaliación destes premios:

Dimensión 1. Diversificación económica

Obxectivo 1.1 Diversificar as bases económicas da cidade, apostando pola innovación, a tecnoloxía, a cultura e a economía circular, equilibrando o peso dos sectores económicos en PIB, emprego e VAB.

Obxectivo 1.2 Impulsar o polo de innovación biotecnolóxica de Santiago de Compostela.

Dimensión 2. Calidade de vida, benestar e cidadanía

Obxectivo 2.1 Apostar por unha cidade compacta, cohesiva, conectada e accesible, creando contornos urbanos de calidade, con densidades axustadas e a proximidade necesaria de bens e servizos demandados pola cidadanía.

Obxectivo 2.2 Garantir a calidade de vida, en especial das persoas maiores, o acceso aos servizos básicos e evitar a exclusión.

Obxectivo 2.3 Favorecer a configuración do centro urbano como espazo de convivencia entre todas as persoas.

Obxectivo 2.4 Redefinir os espazos públicos da cidade para pacificalos e aquietalos, de maneira que poidan volver recibir comodamente a vida pública da cidadanía.

Obxectivo 2.5 Fomentar a participación da cidadanía na configuración da cidade que desexan.

Dimensión 3. Territorio e mobilidade

Obxectivo 3.1 Conter a dispersión urbana e planificar conxuntamente a área urbana, máis alá dos plans de escala municipal.

Obxectivo 3.2 Revitalizar o espazo rural a través da súa reactivación produtiva, a súa dinamización social e a posta en valor do patrimonio cultural e natural.

Obxectivo 3.3 Favorecer a conectividade ambiental do conxunto da área urbana e a periferia.

Obxectivo 3.4 Reforzar o transporte público, facilitando a conexión do núcleo urbano co territorio rural.

Obxectivo 3.5 Fomentar os desprazamentos sostibiles.

Dimensión 4. Diversidade, cohesión social e inclusión

Obxectivo 4.1 Atender a vulnerabilidade, evitar a discriminación e eliminar a exclusión social.

Obxectivo 4.2 Garantir o apoio aos colectivos máis vulnerables a través do reforzo das políticas sociais.

Obxectivo 4.3 Garantir o acceso á vivenda por parte da poboación máis vulnerable, así como do estudantado.

Obxectivo 4.4 Facilitar a convivencia coas vivendas turísticas, tratando de evitar que a proliferación destas acabe por expulsar a poboación local do centro da cidade.

Dimensión 5. Educación, patrimonio e cultura

Obxectivo 5.1 Potenciar a universidade e o coñecemento como vector estratéxico de crecemento do territorio, facilitando a retención do talento.

Obxectivo 5.2 Fomentar a cultura como fonte de construción de conciencia de comunidade.

Obxectivo 5.3 Xerar novos atraentes a través da recuperación de patrimonio natural e cultural e a posta en marcha de iniciativas de carácter cultural fóra dos puntos máis saturados turisticamente.

Dimensión 6. Sostibilidade e transición verde

Obxectivo 6.1 Adaptar o espazo urbano, xerando espazos verdes, para diminuír os efectos das ondas de calor.

Obxectivo 6.2 Reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro.

Obxectivo 6.3 Conservar o patrimonio natural e mellorar a resiliencia fronte ao cambio climático.

Obxectivo 6.4 Garantir o saneamento e o abastecemento de auga de calidade en todo o municipio.

Obxectivo 6.5 Mellorar a eficiencia no consumo e impulsar a produción de enerxía.

Obxectivo 6.6 Reducir, reutilizar, reciclar e xestionar eficientemente os residuos.

2 PERSOAS BENEFICIARIAS

Os Premios á Excelencia Empresarial Axenda Urbana 2030 do Concello de Santiago de Compostela van dirixidos a todas as empresas que teñan a súa sede social fiscal e, cando menos, un centro de actividade no Concello de Santiago de Compostela, baixo calquera forma xurídica admitida en dereito, e sexa cal sexa o seu campo de actividade. Na base terceira defínense as categorías ás que poderán optar as empresas de Santiago de Compostela podendo, cada unha delas, presentar a súa candidatura a varias categorías. Para concorrer á categoría “Boas prácticas de empresas de economía social”, a empresa debe ser unha cooperativa, sociedade laboral, centro especial de emprego, ou empresa de inserción definida como tal segundo o establecido na Lei de economía social de Galicia.

Non poderán ser beneficiarias destes premios as empresas que, nunha determinada categoría, resultasen galardoada noutra edición dos mesmos premios e volvesen presentar a súa candidatura nesta edición na mesma categoría. Non obstante, as empresas que resultaron galardoada noutras edicións destes premios, poderán presentar a súa candidatura a unha categoría diferente á que foron premiados.

Unha empresa non poderá ser galardoada en máis dunha categoría.

3 CATEGORÍAS

Convócanse os Premios á Excelencia Empresarial Axenda Urbana 2030 do Concello de Santiago de Compostela nas seguintes categorías:

3.1 Boas prácticas en materia de conciliación.

3.2 Boas prácticas en materia de economía circular.

3.3 Boas prácticas en materia de innovación e ciencia aplicadas ao modelo de negocio, ou que identifican estratexias que apostan por atraer, reter ou mellorar o talento.

3.4 Boas prácticas en innovación, en comercialización de produtos e servizos culturais.

3.5 Boas prácticas de empresas de economía social.

3.6 Boas prácticas aliñadas cos retos da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela e os ODS da Axenda 2030.

4 CRITERIOS DE VALORACIÓN

Para as categorías 3.1, 3.2, 3.3, 3.4, e 3.5 valorarase as boas prácticas das empresas realizando unha análise de triplo impacto (social, económico e medioambiental) atendendo aos seguintes criterios:

4.1 Criterios económicos conforme as dimensións e obxectivos da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela. (<https://axendaurbana2030santiago.gal/plan-de-accion/>)

4.2 Criterios no ámbito social conforme as dimensións e obxectivos da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela. (<https://axendaurbana2030santiago.gal/plan-de-accion/>).

4.3 Criterios no medio ambiente conforme as dimensións e obxectivos da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela. (<https://axendaurbana2030santiago.gal/plan-de-accion/>).

4.4 Grao de utilización na empresa da lingua galega.

4.5. Posta en valor da perspectiva de xénero con carácter transversal.

Para a categoría 3.6 valorarase a boa práctica da empresa atendendo aos seguintes criterios:

4.1 Criterios económicos: O impacto da boa práctica presentada no modelo de negocio da empresa. Valorarase a innovación na actividade, no deseño dos produtos, nos procesos produtivos; a internacionalización das operacións; o incremento porcentual das vendas nos tres últimos exercicios; a mellora na carteira de produtos e servizos.

4.2 Criterios no ámbito social: A promoción do desenvolvemento individual e profesional do persoal da empresa a través de plans de formación, promoción e perfeccionamento profesional; a conciliación persoal, familiar, e laboral; o emprego feminino, a igualdade e a diversidade (persoas LGBTIQ+, persoas migrantes e refuxiadas, persoas de etnia xitana ou persoas con discapacidade funcional); plans de estabilidade laboral.

4.3 Criterios no medio ambiente: Implantación de sistemas de análise, xestión e avaliación medioambiental; establecemento de medidas de aforro de enerxía, reciclaxe e transporte alternativos para a redución de custos; implantación de protocolos para a redución dos residuos xerados; accións de comunicación e divulgación da política medioambiental da empresa.

4.4 Grao de utilización na empresa da lingua galega.

5 SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN QUE CÓMPRE PRESENTAR

As empresas candidatas ao Premio, presentarán un formulario de solicitude e unha memoria para cada unha das categorías ás que concorran:

5.1 Formulario normalizado CS006PE dispoñible como anexo I debidamente cuberto en todos os seus campos e asinado electrónicamente. Deberanse cubrir todos os datos, así como as seguintes declaracións responsables:

- Declaración de que está ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas, coa Seguridade Social e co Concello de Santiago achegando os certificados correspondentes.
- Declaración de que os requisitos para poder ser beneficiaria cúmprense no momento da publicación do extracto desta convocatoria no BOP.
- Declaración responsable da persoa solicitante de non estar incurso en ningunha das prohibicións para ser beneficiaria recollidas nos apartados 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable de todas as axudas solicitadas e/ou concedidas baixo o réxime de minimis, durante o ano actual e os dous anos anteriores, polas administracións públicas competentes, ou entes públicos, nacionais ou internacionais ou, de ser o caso, unha declaración de que non se solicitou nin obtivo axudas ou subvencións.
- Declaración responsable conforme os datos contidos na memoria son certos.

5.2 Memoria na que se expoñan os fitos seguintes:

- A historia da empresa
- No nome, logo e forma xurídica
- Valores que inspiran o seu negocio
- Méritos de acordo coas dimensións estratéxicas e obxectivos da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela.

No caso de presentarse na categoría 3.6, ademais:

- O impacto da boa práctica presentada no modelo de negocio da empresa
- A promoción do desenvolvemento individual e profesional do persoal da empresa
- A implantación de sistemas de análise, xestión e avaliación medioambiental
- A utilización na empresa da lingua galega.

Documentación adicional: A empresa candidata poderá achegar a información que considere oportuna para referendar os méritos citados na memoria (reportaxes, folletos, vídeos, informes, etc.).

A memoria e a documentación adicional non deben superar as 15 páxinas (sen incluír neste cómputo a portada, o índice e a contraportada) en formato DIN A4, con marxe de 2,5cm e letra calibrí 11.

O citado formulario de solicitude e a memoria **deberán ir acompañados da seguinte documentación** que acredita o cumprimento de requisitos:

5.3 Modelo 036, ou 037 (en caso de persoas autónomas)

5.4 Contrato de constitución da sociedade (en caso de sociedades civís ou comunidades de bens), escritura de constitución (en caso de sociedades mercantís, cooperativas ou entidades de economía social);

5.5 Certificado de situación censual

5.6 RNT da Seguridade Social actual

5.7 Certificado de relación de persoas socias traballadoras (no caso de empresas de economía social)

5.8 Alta en RETA (no caso de persoas autónomas, sociedades civís, comunidades de bens)

5.9 Calquera outro documento que acredite o cumprimento dos requisitos

5.10 Certificados de estar ao corrente coa AEAT, Xunta de Galicia, Seguridade Social e co Concello de Santiago de Compostela, así como certificado bancario de titularidade de conta.

En caso de que a empresa presente a súa candidatura a máis dunha categoría, esta documentación só se presentará unha vez.

As solicitudes xunto coa documentación presentaranse a través da sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela. A presentación das solicitudes e documentación implica a aceptación íntegra e incondicional das bases reguladoras da convocatoria.

6 PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes será de **20 días hábiles**, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto das bases no BOP de A Coruña.

7 PROCEDEMENTO

A Unidade de Promoción Económica do Concello de Santiago de Compostela fará un cómputo das candidaturas presentadas por categoría e procederá á comprobación do cumprimento dos requisitos por parte das empresas candidatas.

En caso de que algunha candidatura non cumprise cos requisitos ou non presentase toda a documentación requirida daráselle un prazo de **dez días hábiles** para a emenda.

A Unidade de Promoción Económica aportará ao xurado un informe de cada candidatura presentada que debe incluír os datos da empresa, o cumprimento dos requisitos e os méritos que alega en base á memoria presentada.

Os informes, xunto con toda a información e documentación achegada pola empresa interesada, serán enviados a un **xurado** que revisará a documentación, deliberará e propoñerá a candidatura gañadora e as empresas finalistas de cada categoría.

As cuestións non previstas nestas bases serán resoltas polo xurado de acordo co seu libre criterio.

As decisións do xurado serán inapelables.

O ditame do xurado será proposto para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela. O procedemento resolverase antes do 29 de outubro de 2026. Transcorrido este prazo sen que teña recaído resolución expresa, a solicitude entenderase desestimada por silencio administrativo.

Os premios serán anunciados e faranse públicos con anterioridade á celebración do acto público ao que se invitará a todas as empresas candidatas.

Unha empresa non poderá ser galardoada en máis dunha categoría.

8 XURADO

O xurado estará composto polas seguintes persoas:

- Alcaldesa do Concello de Santiago de Compostela
- A Concelleira responsable de Promoción Económica
- Unha persoa representante da Cámara de Comercio.
- Unha persoa representante da Asociación Área Empresarial do Tambre.
- Unha persoa representante da entidade Espazo Coop.
- Unha persoa representante da Universidade de Santiago de Compostela
- A directora executiva da Axenda Urbana 2030
- Unha persoa representante da Unidade de Promoción Económica do Concello de Santiago.

Considerarase validamente constituído o xurado coa asistencia, cando menos, de 4 dos seus 5 membros. A reunión do xurado poderá realizarse por medios telemáticos.

Actuará como secretaria/o do xurado a persoa representante da Unidade de Promoción Económica do Concello de Santiago, con voz pero sen voto na súa calidade de secretaria/o.

9 PREMIOS

Cada categoría contará cun premio por importe de 6.000 euros, o que resultará un total de 36.000 euros en premios. Haberá, tamén, tres mencións por importe de 2.000 euros, o que resultará un total de 6.000 euros en mencións.

Os premios estarán suxeitos á retención fiscal que corresponda.

As empresas premiadas poderán facer mención da dita condición en carteis, documentos, anuncios e memorias, especificando o ano da convocatoria, así como difundir e facer publicidade de tal condición en medios de comunicación, páxinas web e redes sociais.

Os premios poderán ser declarados desertos.

10 ORZAMENTO

O orzamento total dos Premios á Excelencia Empresarial Axenda Urbana 2030 do Concello de Santiago de Compostela, será de 42.000 euros con cargo á partida 020 43300 4790100 dos Orzamentos Municipais do Concello de Santiago para o ano 2026.

11 PUBLICACIÓN

Estas bases publicaranse na páxina web do Concello de Santiago de Compostela, na páxina web do CERSIA e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). Posteriormente á BDNS darase traslado do extracto desta ao BOP.

12 RECURSOS

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e, contra elas, cabe interpor recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, consonte o disposto na Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 39/2015, de procedemento administrativo común.

13 OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Colaborar na realización de visitas de seguimento e control e facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención do Concello, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas,

así como por calquera outra institución nacional ou comunitaria que interveña no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Comunicar ao órgano concedente, en canto se coñeza, calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas persoas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 15.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Estas medidas deberán adecuarse ao obxecto subvencionado e poderán consistir na inclusión da imaxe institucional da entidade concedente así como en lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas, material impreso, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos legalmente establecidos.

As restantes obrigas establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, xeral de subvencións.

14 REINTEGRO

Procederá o reintegro total ou parcialmente das cantidades percibidas con esixencia dos xuros de demora que correspondan nos casos e nos termos previstos no título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e da Lei 38/2003, xeral de subvencións e na normativa de desenvolvemento.

15 MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución e eventualmente á súa revogación.

16 ENTRADA EN VIGOR E VIXENCIA

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

17 NORMATIVA APLICABLE

En todo o non disposto nestas bases resultará de aplicación a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e a Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Esta axuda está suxeita ao réxime de axudas de minimis, polo que non poderán exceder os límites cuantitativos (300.000 euros en un período continuo de tres anos) establecidos en el Reglamento (UE) 2023/2831, de la Comisión Europea, de 13 de diciembre de 2023, relativo a la aplicación de los artículos 107 y 108 del Tratado de Funcionamiento de la Unión Europea a las ayudas de minimis (DOUE núm. 2831, de 15 de diciembre de 2023).

A Concelleira de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude